

MEMORIA DECLARACIÓN

(Artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno)

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AS CONSELLERÍAS DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A ASOCIACIÓN ABUSO E MALTRATO INFANTIL NO. GALICIA (AMINO.GAL), PARA A FORMACIÓN, DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN NO EIDO DA VIOLENCIA SEXUAL INFANTIL

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ten previsto formalizar, xunto coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades coa **ASOCIACIÓN ABUSO E MALTRATO INFANTIL NO. GALICIA (AMINO.Gal)**, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2026. Abranguerá as accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento dun marco de colaboración entre as Consellerías de Política Social e Xuventude e a de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a ASOCIACIÓN ABUSO E MALTRATO INFANTIL NO. GALICIA (AMINO.Gal) a través do cal se conciencie e sensibilice o profesorado e as familias sobre o abuso sexual infantil na nosa sociedade ao tempo que se lles proporciona ferramentas de prevención.

Para iso, acordan desenvolver o programa "POÑENDO AS LENTES PARA A PROTECCIÓN DA INFANCIA" a través do "Proxecto de difusión da Campaña do Consello de Europa para a prevención da violencia sexual contra a infancia "UN DE CADA CINCO" en centros de ensinanza de educación infantil, primaria e educación especial de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no obxectivo de ofrecer a orientación, o asesoramento e a formación necesarias ao profesorado, así como a creación de grupos de traballo encargados de difundir e dar a coñecer á sociedade e colectivos e aos profesionais, centros educativos e centros de menores da Comunidade Autónoma, o problema dos malos tratos na infancia en todas as súas modalidades.

Para a súa consecución desenvolveranse as seguintes actividades:



- Contratación dos técnicos: o equipo de coordinación do programa ocuparase das persoas pertinentes para a execución do programa. Para este proceso se seleccionará, nun primeiro término, a técnicos con experiencia no programa ou, de non ser posible, a colaboradores da entidade con experiencia no eido da violencia cara á infancia. As zonas de actuación dividiranse en dous tramos:
 - Zona norte (provincias da A Coruña e Lugo).
 - Zona sur (provincias de Ourense e Pontevedra)
- Revisión e actualización do material: Modificarase da presentación que se utiliza como soporte para as formacións, actualizando os contidos. Valorarase a introdución de novas ferramentas de prevención para facilitar contidos de fácil introdución nas aulas por parte do profesorado. O equipo de coordinación farase cargo desta actualización de contidos, que posteriormente tratará co equipo de formación nas reunións de traballo.
- Contacto cos centros educativos: Dende a coordinación de cada zona enviaranse, a cada centro educativo, un correo electrónico dirixido ao equipo directivo onde se lles explicará brevemente o obxectivo do Programa, así como adiantarlles que se volverá a contactar con eles para concertar data de celebración da xornada formativa.
- Sesións formativas: Impartiranse as xornadas, nunha das dúas modalidades dispoñibles de celebración, presencial ou telemática.
- Recollida de datos: Nesta fase, procederemos á recopilación dos datos necesarios para a elaboración da memoria anual. Para iso utilizaremos a ferramenta dixital creada especificamente para este programa, onde se recolle o número de centros contactados, número de formación impartidas, número de asistentes, valoración de participación por parte dos formadores e as enquisas de avaliación da calidade da formación.
- Formación interna: No mes de outubro (podendo recalendarizarse se é preciso) se organizará unha xornada de formación dirixida ó persoal participante do programa co obxectivo de mantelo actualizado en materia de promoción do bo trato á infancia. Para elo, suxeriranse, por parte das persoas contratadas, formación de temática relacionada coa infancia que poidan enriquecer tanto os coñecementos propios, como a información transmitida ós/ás docentes no programa.
- Memoria anual: O final do período de execución do programa, e coa recadación de datos pertinentes, procederase, por parte do equipo de coordinación, á elaboración dunha memoria de actividades, onde se analicen os datos obtidos e se avalíen as actuacións para a súa posterior redacción. A memoria realizarase seguindo as indicación da Xunta de Galicia.



A Xunta de Galicia, a través das Consellerías de Política Social e Igualdade e de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Asociación Abuso e Maltrato Infantil No. Galicia (AMINO.Gal), comprometidas institucionalmente coa infancia consideran prioritario potenciar este tipo de actuacións e están interesados en cooperar na execución de programas directamente ligados coa consecución do benestar dos/as menores e familias dando a coñecer en todos os ámbitos todos aqueles proxectos que redunden no interese superior da persoa menor.

Considera tamén de especial importancia favorecer a programas como o que se describe, que naceu no seo do Consello de Europa, o 29 de novembro do ano 2010 cando se inicia en Roma a Campaña contra a violencia sexual infantil "Un de cada Cinco", que persegue os seguintes obxectivos: Promover a firma, ratificación e aplicación do Convenio do Consello de Europa para a protección dos/as nenos/as contra a explotación e o abuso sexual; e proporcionar ás persoas menores, as súas familias/coidadores e as sociedades, coñecementos e ferramentas para previr a violencia sexual contra os nenos, nenas e adolescentes e, deste xeito, crear conciencia acerca de todo o que constitúe violencia sexual contra as persoas menores de idade.

O artigo 96.2 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia recolle a posibilidade de colaboración con entidades privadas sen ánimo de lucro para a atención a menores.

De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o proxecto financiado ten por obxecto o fomento e desenvolvemento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario. Así mesmo, o artigo 31.2 –en relación co artigo 55– da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia habilita, por razóns de interese público e debidamente xustificadas, a subscrición de convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública, como é o caso.

A execución material do programa que se desenvolve no clausulado e anexo deste convenio materialízase ante a insuficiencia de medios da Comunidade Autónoma, mediante a sinatura dun convenio de colaboración coa Asociación Abuso e Maltrato Infantil No. Galicia (AMINO.Gal).

A Asociación Abuso e Maltrato Infantil No. Galicia (AMINO.Gal) na actualidade conta cos recursos humanos e a estrutura necesaria para o desenvolvemento de dito programa, ademais dunha acreditada experiencia na prevención e orientación ás familias, a organización



de xornadas e seminarios, así como a impartición de cursos a diferentes perfís profesionais, considerándose polo tanto idónea para a execución do dito programa.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2026. Abranguerá as accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2024.

Para a realización de actuacións obxecto do presente convenio a Consellería de Política Social e Igualdade achegará a cantidade de 193.890,72 €, con cargo á aplicación orzamentaria 38.02.312B.481.0, da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, na que existe crédito axeitado e suficiente para este fin.

A sinatura deste convenio require de autorización previa do Consello da Xunta.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela,

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

(asinado dixitalmente)

